

25 de novembro Día Internacional Contra a Violencia de Xénero

CONCELLO
DE VIGO



DESMONTANDO OS MITOS DO AMOR ROMANTICO

Enlaza Vigo é unha iniciativa do Consello Municipal da Muller e da Concellería de Igualdade de Vigo para esixir a todos os poderes públicos e á sociedade en xeral un compromiso real e unha implicación decidida para combater o terrorismo machista.

enlaza
vigo

Proposta 2016
Centros de secundaria

Accións na aula

ata 15 de novembro

Accións na rúa Urzáiz

venres, 25 de novembro



Consello Municipal
da Muller



Máis información e
seguimento en:
www.enlazavigo.org



www.igualdadevigo.org

DESMONTANDO OS MITOS DO AMOR ROMÁNTICO

QUE É O AMOR?

É unha construción cultural que pode cambiar considerablemente en cada período histórico, desenvolvéndose unha concepción diferente dos vínculos que deben existir ou non entre o matrimonio, o amor e o sexo. Sin embargo, a importancia dada no noso entorno ao modelo de amor romántico e a aceptación de mitos relacionados co mesmo, demostran o papel de ditos mitos no mantemento das relacións de parella violentas.

QUE É UN MITO?

É un conxunto de crenzas compartidas por gran parte da sociedade que, malia non seren verdadeiras nin estaren validadas de ningunha maneira, transmítense de xeración en xeración.

TRASMISIÓN DOS MITOS DO AMOR ROMÁNTICO

O ideal romántico da nosa cultura ofrece un modelo de conduta amorosa que estipula o que “de verdade” significa namorarse e que sentimentos han de sentirse, como, cando, con quen si e con quen non. O compoñente cultural é o causante de que se desenvolvan crenzas e imaxes idealizadas verbo do amor que en numerosas ocasións dificulta o establecemento de relacións sas e provoca a aceptación, normalización, xustificación ou tolerancia de comportamentos claramente abusivos e ofensivos. Os mitos do amor romántico están moi estendidos na sociedade na que vivimos. Estas crenzas aprendémolas desde a infancia mediante contos, cancións, relacións familiares, medios de comunicación, etc. e desta maneira séguense xustificando e reproducindo.

DO AMOR ROMÁNTICO Á VIOLENCIA MACHISTA?

Cando identificamos o amor coa exclusividade, a dependencia, a propiedade, a perda de identidade, a perda de control sobre os nosos actos, a idealización, etc. e topámonos coa realidade (as persoas non somos perfectas e o amor romántico é caduco), ocorre o desengano e, en ocasións, tamén a violencia. Outras tantas, o amor silencia a violencia contra as mulleres, xustifícaa e mantena. A violencia machista apóiase nuns alicerces básicos, entre os que destaca o amor romántico como un dos seus principais.

8 MITOS DO AMOR ROMÁNTICO:

Aínda que hai moitos máis mitos respecto deste tema, ímonos centrar en 8 mitos principais que poden interferir no desenvolvemento dunha relación de parella sa, non violenta, igualitaria e satisfactoria:

1 “O amor todo o pode”

Mito da omnipotencia do amor. Crer que o amor o pode todo e que por amor todo é válido. Hai persoas que aínda queréndose moito son incapaces de ter unha relación saudable e o mellor para cada quen é seguir os seus camiños por separado.

2 “Cambiará porque me ama”

Mito do cambio por amor. Crer que seremos capaces de mudar comportamentos da parella. Esta crenza pode levar a aceptar e tolerar situacións claramente ofensivas desde o convencemento de que se producirá o cambio porque “te ama”.

3 “Quen ben te quere, farache chorar”

Mito da compatibilidade do amor e do maltrato. Considerar que amar é compatible con danar ou agredir a partir de crenzas do tipo: agarimo e afecto son forzas que en ocasións se descontrolan temporalmente e que non hai amor verdadeiro sen sufrimento. Este tipo de crenzas conducen a xustificar os malos tratos.

4 “Os polos opostos atraense”

Mito dos polos opostos. Crer que as persoas que teñen obxectivos, intereses, gustos e perspectivas diferentes son as que máis se atraen e mellor se levan a longo prazo. Aínda que oímos moitas veces iso, o certo é que cantas máis cousas en común teñamos cunha persoa e cantos máis gustos, ideoloxías e expectativas compartamos, máis probable é que esa relación se manteña no tempo.

5 “Só hai unha media laranxa para cada persoa”

Mito da media laranxa. Crer que se elixe a parella que tiñamos predestinada e que foi a única ou mellor elección posible. Aprendéronnos que somos media laranxa e que necesitamos doutra media para ter unha vida completa e feliz, pero o certo é que somos laranxas enteiras. O destino non é o único encargado de decidir de quen debemos namorarnos, e ademais, pode haber moitas persoas que encaixen con nós.

6 “Sen ti non son nada”

Mito da despersonalización. Crer que ambas partes da parella deben ser “un” e entender que o amor é un proceso de despersonalización que implica sacrificar o eu para identificarse co outro/a, esquecendo a propia identidade e vida. É importante que cada integrante da parella teña os seus gustos, os seus tempos, as súas amizades, os seus hobbies, etc. para non caer nunha relación asfixiante na que non lembramos que cousas che gustaban a ti e que gustos adoptaches da túa parella.

7 “Os celos son unha mostra de amor”

Mito dos celos. Crenza de que os celos son un signo de amor. Os celos NON son signo de amor, senón de inseguridade e dependencia. Unha relación sa debe basearse na liberdade e na confianza.

8 “Discutir é malo” ou “Se unha parella non discute é porque non se quere”

Mito das discusións. Atopamos as dúas versións. Discutir é bo ou malo en función de como leven a cabo esas discusións. Se son discusións construtivas nas que cada parte é capaz de explicar as súas diferenzas e entre elas chegar a un acordo común, fortalecerán a parella. Pola contra, se as discusións se basean en imposicións, berros e faltas de respecto cara á outra persoa non estarán a facer outra cousa que deteriorar a relación o que poderá chegar a un punto que pode ser irreversible.

ACTIVIDADES NA AULA

Expresión artística que elaborará o alumnado nunha lona que lle será facilitada pola organización. O traballo aludirá ao lema da edición de EnlazaVigo para este ano 2016: **“Desmontando os mitos do amor romántico”**, deberá elixir como tema un mito ou grupo de mitos descritos no presente dossier.

Todas as lonas incorporaranse á **Exposición colectiva** que o Concello de Vigo organizará na rúa do Príncipe **entre o 18 e o 26 de novembro**.

Recolleranse as lonas nos centros de ensino **ata o día 15 novembro**

ACTIVIDADES NA RÚA

Participación no acto central que terá lugar na Rúa Urzáiz (venres 25 novembro, 10:30-12:30): visita á exposición colectiva e participación en actividades lúdicas, informativas e na creación do tapiz humano

Recursos

Exposición “A violencia sexual na mocidade. Infórmate!”

Exposición que a Concellería de Igualdade pon a disposición de todos os centros de ensino da cidade. Consta de 10 paneis informativos que abordan que é a violencia sexual, tipos, as súas consecuencias, como pode axudar o grupo de iguais á persoa agredida e claves para unha convivencia en respecto, liberdade e igualdade.

Esta exposición itinerante está realizada pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo no marco do Programa Irene (programa de información, formación e prevención de violencia sexual na mocidade) a través dun convenio de colaboración asinado co Instituto da Muller e cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Para solicitar a cesión temporal da exposición cómpre chamar ao 986 81 02 84.

Máis información en: www.igualdadevigo.org/violenciasexualxuventude.php



“Datos e datos para lembrar en pé de igualdade... e non esquecer o resto do ano”

Manual da Concellería de Igualdade que trata as distintas conmemoracións escolares oficiais que se celebran ao longo do curso escolar elaborado con perspectiva de xénero por profesionais do ensino www.igualdadevigo.org/datasedatos



Guía “Conectamos ben? Mozos e mozas que se tratan ben e de = a =”

Guía da Concellería de Igualdade dirixida á mocidade, coa finalidade de promover o bo trato naqueles ámbitos nos que se desenvolve a súa vida cotiá: as redes sociais, o tempo de lecer coas amizades e no amor

http://www.igualdadevigo.org/?sec=publicaciones&id_noticia=409



“Coeducación y mitos del amor romántico” (Boletín Mujeres: Monográfico 93)

Este monográfico inclúe a investigación realizada pola “Fundación Mujeres” no programa “Andalucía detecta”

http://www.fundacionmujeres.es/documentos/view/coeducacion_y_mitos_del_amor_romantico.html



“Educando en igualdad. Educar en el amor. Rutas de formación para el profesorado”

Web onde se recollen materiais sobre amor romántico que poden axudar ao profesorado no traballo na aula.

http://www.educandoenigualdad.com/antiguaweb/spip.php?article502&var_mode=calcul



“Coeducación en el aula”

Blog con recursos para traballar distintos temas de coeducación, cunha sección adicada á “Violencia de xénero” e os mitos do amor romántico. <http://miracoeduca.blogspot.com.es/search/label/VIOLENCIA%20DE%20GC3%89NERO>



“Enrédate sin machismo”. <http://enredatesinmachismo.com/> Páxina con recursos para adolescentes:

- **Chequea tu relación: “Indicadores de una relación de dominio y control para chicas/chicos jóvenes”**
<http://enredatesinmachismo.com/wp-content/pdf/la-violencia-se-previene-desde-el-noviazgo-enredate-sin-machismo.pdf>
- **“App EsM”.** App para móbil que serve para chequear a relación de parella a través do xogo.
<http://enredatesinmachismo.com/app-para-smartphones/>



“Pillada por ti”.

Banda deseñada para a prevención da violencia de xénero. Dirixido a estudantes da ESO.

<http://www.msssi.gob.es/en/ssi/violenciaGenero/publicaciones/comic/home.htm>



“Mi novio me controla... lo normal”. De Ianire Estébanez (colaboradora habitual da Concellería de Igualdade)

Blog para rapazas confundidas polo amor que queren desconfundirse. <http://minoviomecontrola.blogspot.com/es/>



Exposición colectiva

Rúa Príncipe, diante do Marco

Na edición 2015, o alumnado dun total de 41 centros de ensino secundario da cidade participaron na exposición colectiva contra a Violencia de Xénero.

A cidadanía viguesa puido visitar esta mostra que reflicte o compromiso do estudiantado da cidade na loita contra a violencia machista.



Mostra das obras dos centros educativos

Tapiz humano

Actividades informativas, lúdicas e reivindicativas



Tapiz humano



Recibimento da corporación municipal



Photocall



Actividades informativas



Actividades lúdicas

En 2015, preto de 2.000 estudantes de ensino secundario de Vigo participaron na realización dun gran Tapiz humano. Desde a súa chegada ao punto de encontro e ata o momento de crear o mosaico, participaron en diversas actividades informativas, lúdicas, reivindicativas e distintos actos de animación.